

CANDIDATURAS, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

As candidaturas poderán presentarse asinadas polo candidato ou candidata ou persoa que o propoña, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo e Benestar, edificios administrativos de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela).

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 15 de maio de 2015.

As propostas deberán ir acompañadas dunha memoria explicativa e documentación xustificativa dos valores e méritos alegados.

As bases da convocatoria pódense consultar:

- na web www.cooperativasdegalicia.coop
- no **Diario Oficial de Galicia número 39, publicado o día 26 de febreiro de 2015.**

galicia

premios á cooperación 2015



www.cooperativasdegalicia.coop

MÁIS INFORMACIÓN

www.cooperativasdegalicia.coop
Consello Galego de Cooperativas
881 999 268



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

A Consellería de Traballo e Benestar convoca estes premios coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas e outras institucións e persoas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na comunidade autónoma galega.

DESTINATARIOS

Poderán optar a estes premios as cooperativas e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizen un destacado labor no eido do cooperativismo na comunidade autónoma galega.

MODALIDADES

Os premios á cooperación convócanse baixo as seguintes modalidades:

Premio aos valores cooperativos

Outorgarase á cooperativa, entidade ou persoa que máis teña destacado no impulso dos valores cooperativos na comunidade autónoma galega.

O tribunal valorará a traxectoria dos/as candidatos/as, especialmente as actuacións dirixidas á aplicación práctica dos principios cooperativos establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional e a súa adecuación ao marco socioeconómico galego.

O premio terá unha dotación económica de 5 000 €.

premios á cooperación 2015

Premio ao mellor proxecto cooperativo

Outorgarase ao proxecto empresarial cooperativo de especial relevancia, tanto de cooperativas de nova creación como das previamente existentes.

O tribunal terá en conta a especial relevancia do proxecto, que pode vir determinada tanto polo seu carácter innovador ou de intercooperación, como por outras características singulares e pola súa repercusión no contorno, especialmente nos eidos económico, social e laboral.

O premio terá unha dotación económica de 5 000 €.

Premio á promoción do cooperativismo

Outorgarase á persoa ou entidade que teña destacado especialmente no fomento do cooperativismo, tanto pola súa traxectoria como por actuacións de carácter puntual que resulten particularmente significativas.

O tribunal terá en conta a actividade ou actividades realizadas polos/as candidatos/as e a súa repercusión na implantación e desenvolvemento do cooperativismo en Galicia, tanto nos seus aspectos cualitativos como cuantitativos e valorará especialmente os persoeiros do cooperativismo como xeito de recoñecer as súas traxectorias neste eido.

O premio terá unha dotación económica de 5 000 €.